

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 19 de xullo de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública, en materia de expropiacións, a relación de bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na OU-105-Seixalbo, de clave OU/16/247.06.

Antecedentes:

A Axencia Galega de Infraestruturas detectou a necesidade de realizar actuacións de mellora da seguridade viaria na estrada OU-105, no Concello de Ourense, na zona de Seixalbo, mediante a reordenación da sección transversal, para unha optimización da circulación de peóns, bicicletas e o tráfico rodado.

Considerando todo o exposto no parágrafo anterior, e de conformidade co disposto nos artigos 18 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e os concordantes do seu regulamento, sométese a relación de bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de construción: mellora da seguridade viaria na OU-105-Seixalbo, de clave: OU/16/247.06, así como os planos correspondentes, a un trámite de información pública, en materia de expropiacións, por un período de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida formular alegacións para os efectos de emendar posibles erros na antedita relación.

A documentación á que se refire este anuncio estará exposta ao público, en días e horas hábiles de oficina, nos locais desta Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense) e no Concello de Ourense (praza Maior, 1, 32005 Vigo, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento completo da separata de expropiacións e bens afectados do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: pqj4si97-oxu6-dq39-9sd1-n1gayn290r75



ANEXO**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Proxecto de construción: mellora da seguridade viaria na OU-105-Seixalbo,
clave OU/16/247.06**

Concello de Ourense

Nº	Referencia catastral	Titular	Clasificación	Uso	Superficie expropiar (m²)	Ben afectado	Ocupación definitiva
1	32900A180001990000LB	Nelda Vidal Tesouro	RU	PD	1.550,00	Muro de bloque Muro de pedra	524,01
2	4846104NG9844N0001GW	Hortensia Cid Borrajo	UR	Solo sen edificar	2.549,00	Muro de bloque	401,39
3	4845001NG9844N0001WW	Mª Isabel López Acuña	UR	Solo sen edificar	2.172,00	Muro de cachotaría	173,39

